

ACHEGAS Á ERMIDA DO SAN GUILLERME DE FISTERRA (A CORUÑA)

AUTOR: JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO

Este centro sagrado foi construído na ladeira oriental do monte do mesmo nome, que se levanta ao pé da igrexa de Santa María de Fisterra ou das Areas, nas aforas da vila de cara ao cabo Fisterra.

Accédese ao mesmo dende a estrada do Faro, collendo unha pista que nos leva ao monte Facho. Na metade da subida encontramos na marxe dereita un camiño, que nos leva aos restos da devandita ermida, situada a uns 220 metros de altura.

Na súa construción aproveitouse á oquedade natural dun afloramento granítico de grandes proporcións orientado de cara ao monte Pindo, situado ao Leste noutro lado da ría de Corcubión. En canto a súa estrutura a ermida dispoñía de catro alzados de mampostería granítica e unha ara de pedra cuadrangular, adosado ao seu alzado Leste. Ademais a súa cubrición sería probablemente a dúas augas.

Posiblemente este centro sagrado foi a morada dun ermitán, que puido ser o Duque de Aquitania , Guilherme X; este peregrinou a Santiago no século XI e foi coñecido polo vulgo como D. Gaiferos. Tamén houbo outro San Guilherme, coñecido polo nome de Gellene. Logo, no século XIV, o cabaleiro Jorge Grissaphan, alude ao Monte de San Guilherme como un lugar moi solitario, deserto e apartado dos homes e das súas vivendas, situado entre montes altísimos, que case ninguén frecuentaba. Posteriormente, a ermida aparece en numerosas citas como lugar de peregrinaxe. Así, no século XV, o polaco Nicolás Popielovo, gaña indulxencia plenaria nesta ermida. Un século despois o veneciano Bartolomé Fontana recorda o hospital e fala dos guías, que conducen aos peregrinos ata a ermida do San Guilherme.

Esta ermida estivo asociada ao culto ao sol e relacionada con ritos da fecundidade, algo moi común na zona noroccidental de España, onde abundan as crenzas e rituais vinculados ás pedras sagradas da fecundidade. Así o P. Sarmiento (século XVIII) fálanos dunha pedra que tiña a virtude de facer fértiles ás mulleres. De aí que acudisen as parellas estériles a realizar o acto sexual no sartego do santo, tamén nomeado como “cama do santo”. “ *Era, dice el P. Sarmiento, como una pila o cama de piedra, en la*

*cual se echaban a dormir marido y mujer que por estériles acudían al Santo, y en aquella ermita, y allí delante del santo engendraban, y por ser cosa indecorosa se mandó por visita episcopal, quitar aquella gran piedra, pilón o cama, y se quitó el concurso”*¹. Ademais algunhas rochas situadas no cabo de Fisterra tiñan tamén propiedades fecundadoras mais orientada aos campos, xa que os lugareños acudían as mesmas para pedir chuvia. Así, Jerónimo del Hoyo, fai referencia a unha pedra situada na beira do mar na que adoitaban oficiar misa nas épocas de seca para acadar a chuvia. Bastantes lendas mitolóxicas relacionaron as pedras coa fecundidade, como o mito grego de Deucalión que, logo do diluvio e co propósito de repoboar a terra, esparciu os osos da súa nai, e por cada pedra que lanzaba nacía un home; da mesma maneira a súa cónxuxe Pirra facía xurdir as mulleres co mesmo procedemento².

Por outra banda, no lado W.do Monte de San Guillerme encontrase o Monte Facho cunha altitude de 240 metros . Alí abundan pedras graníticas de diferentes tamaños, mais sobresaen “As Pedras Santas”. Trátase de dúas bolas graníticas modeladas pola acción dos elementos naturais, que se balancean. Con respecto a elas hai unha lenda que fai alusión “ *a que a Virxe e o seu Fillo na viaxe, que fixeron a Fisterra, sentáronse a descansar sobre ámbalas dúas pedras, logo de deixar o barco de pedra en Muxía. A estas concedéronlles o don de que malia do seu peso calquera persoa cunha so aman podía movelas*”. Tamén se fai mención “ *a que nestas pedras a Virxe apareceuse a uns pastores*” . Todas estas lendas de tipo relixioso, patentizan a existencia dun lugar de culto como en Muxía (A Coruña) ou na Pastoriza (A Coruña), que tivo que ser cristianizado seguindo o método aconsellado polo bispo de Braga, San Martiño Dumense (S.VI) no seu libro “*De correctione rusticorum*” cando di : “ *...Porque encender velas junto a las piedras y a los árboles y a las fuentes y en las encrucijadas. ¿que otra cosa es sino culto al diablo?...*”³. Ademais estas lendas actuarían como unha barreira na memoria popular para esquecer a orixe idolátrica de aquel lugar de culto, posteriormente cristianizado coa construción da ermida de San Guillerme.

A cronoloxía deste recinto sagrado apunta a un tempo, que transcurre entre o século XII e finais do XIV. Ademais e, neste caso, temos mencións por referencias escritas que a destrución da ermida tivo lugar no século XVIII seguindo as directrices eclesiásticas

¹ CEBRIÁN FRANCOS, Juan José: *Santuarios de Galicia (Diócesis de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela: Arzobispado de Santiago de Compostela, 1982,páx.53*

² PLAZA BELTRÁN, Marta: “Antecedentes del culto a las cruces de piedra: Litolatría, en *Rev. de Folklore*. T. 30, rev. nº 343, Fundación Joaquín Díaz, paxs. 11-19.

³ DOMÍNGUEZ DEL VAL, Ursicino: *Obras completas de Martín de Braga*, Madrid: Fundación Universitaria Española. Edición y traducción. 1990.

(No século a autoridade eclesial mandou destruír o sartego, que se utilizaba vulgarmente como “cama do santo”) Sen embargo hai a posibilidade de que coa construción da capela de San Guillermo se cristianizase un culto cercano aos ritos ao deus persa Mitra, que tantos seguidores tivo entre os lexionarios romanos; así nos seus inicios eran simples covas xunto ás que se adosaba o templo. Outra posibilidade eran os cultos, que tamén lle renderon os romanos a Attis, o deus frixio da natureza ao que amaba Cibeles, a Magna Mater; estes tiñan lugar no equinocio de primavera entre o 15 e o 27 de marzo momento no que se conmemoraba a paixón, morte e resurrección de Attis⁴. Así mesmo, o descubrimento dunha ara votiva romana cunha inscrición dedicada á deusa Cibeles – a uns oito km. de Fisterra- danos un fundamento máis firme para manter a posibilidade de que a devandita capela fose nas súa orixes un recinto sagrado romano adicado a unha divindade da natureza⁵. Por outra banda, cómpre sinalar que o coñecemento do calendario solar marcou dende sempre o ritmo vital dos agricultores, xa que lles permitiu regular as datas da sementeira e a recolección, coincidindo cos equinoccios e cos solsticios, etapas nas que se levaban a cabo determinadas festas agrícolas. Polo tanto, non resulta estraño facer mención á Pascua como unha festa ligada dende antigo á resurrección dos antigos deuses responsables do nacemento da vexetación. Pola contra, na liturxia cristián trátase dunha festa na que se conmemora a Resurrección, o triunfo sobre a morte. Estes cultos antigos, favorecedores da fecundidade, podían ter certa pervivencia nos cultos, que a vila de Fisterra realiza na Semana Santa con motivo das festas do Cristo; nestas escenifícase a morte e resurrección do Noso Señor. A interpretación do mito da fecundidade, do desexo de permanencia, lévase a cabo dun xeito inconsciente o Domingo de Resurrección polo pobo fisterrán.⁶

Finalmente, malia que as explicación científicas deron lugar a que os cultos da fecundidade se foran esquecendo paseniño, aínda houbo parellas estériles que a mediados do século XX adoitaban subir a esa capela, xa deteriorada, coa finalidade de deitarse, no que a tradición popular nomeou como “a cama do santo”, para ter

⁴ ALONSO ROMERO, Fernando e CASTRO PIÑEIRO, Manuel Cornide: “Sobre la orientación astronómica de la capilla de San Guillermo” (Finisterre. Galicia), en *Anuario Brigantino*, n^o 22, 1999, Betanzos (A Coruña), páx. 88.

⁵ *Ibidem*.

⁶ TRILLO TRILLO, B: *As pegadas de Santiago na culturade Fisterra*, Santiago de Compostela: Concello de Fisterra - Fundación Caixa Galicia, 1999, pax. 188.

descendencia. Non descartamos, que no intre actual, como ben dixo Alonso Romero no ano 1999,⁷ aínda se siga facendo.

BIBLIOGRAFÍA

ALONSO ROMERO, F: *O camiño de Fisterra*, Vigo: Ed. Xerais, 1993.

ALONSO ROMERO, Fernando e CASTRO PIÑEIRO, Manuel Cornide: “Sobre la orientación astronómica de la capilla de San Guillermo” (Finisterre. Galicia), en *Anuario Brigantino*, n^o 22, 1999, Betanzos (A Coruña), páx. 88.


CEBRIÁN FRANCOS, Juan José: *Santuarios de Galicia (Diócesis de Santiago de Compostela)*, Santiago de Compostela: Arzobispado de Santiago de Compostela, 1982,páx.53

DOMÍNGUEZ DEL VAL, Ursicino: *Obras completas de Martín de Braga*, Madrid: Fundación Universitaria Española. Edición y traducción. 1990.

PLAZA BELTRÁN, Marta: “Antecedentes del culto a las cruces de piedra: Litolatría, en *Rev. de Folklore*. T. 30, rev. n^o 343, Fundación Joaquín Díaz, paxs. 11-19.

TRILLO TRILLO, B: *As pegadas de Santiago na cultura de Fisterra*, Santiago de Compostela: Concello de Fisterra - Fundación Caixa Galicia, 1999, pax. 188.

ILUSTRACIÓNS.



AS “PEDRAS SANTAS” DO MONTE FACHO

⁷ ALONSO ROMERO, Fernando e CASTRO PIÑEIRO, Manuel Cornide: “Sobre la orientación astronómica de la capilla de San Guillermo” (Finisterre. Galicia), en *Anuario Brigantino*, n^o 22, 1999, Betanzos (A Coruña), páx. 86.



ROCHAS DO MONTE FACHO



A VILA DE FISTERRA VISTA DESDE O MONTE DE SAN GUILLERME



RESTOS DA CAPELA DE SAN GUILLERME



SARTEGO DE SAN GUILLERME OU “CAMA DO SANTO”



OQUEDADE DO RECINTO SAGRADO



PANEL EXPLICATIVO DA ERMIDA DE SAN GUILLERME



O PEDREGAL DE MUXÍA. EN PRIMEIRO TERMO “A PEDRA DOS CADRÍS”.



O SANTUARIO DA NOSA SEÑORA DA BARCA (MUXÍA) (A CORUÑA)